

## Presentación

Vigo, luns 16 de outubro de 2006



De esquerda a dereita: o enólogo Xosé Luís Fernández, o autor Martín Álvarez, o editor Henrique Alvarellos e o empresario Manuel Reinaldo

## 45 RECETAS CON ORTIGAS PRESENTASE NO SALÓN DE DELICATESSEN DE VIGO

Alvarellos Editora presentou en Vigo o libro *45 recetas con ortigas* do chef ourensán Martín Álvarez González. O acto desenvolveuse no marco do III Salón de las Denominaciones de Origen y Delicatessen que se leva a cabo na cidade olívica entre o 16 e o 19 de outubro.

Participaron, á parte do autor Martín Álvarez e do editor Henrique Alvarellos, o empresario Manuel Reinaldo, xerente de Conservas Lou, de Ribeira, que foi o primeiro en envasar ortigas e que hoxe comercializa preparadas para o seu consumo, e finalmente entrevistou o enólogo ourensán Xosé Luís Fernández, que investiga o macerado de ortigas para o seu uso na viticultura, unha novidade que permitirá diminuír o uso de produtos químicos á hora de elaborar o viño.



Rúa das Arribadas 7, 1ºC  
15706 SANTIAGO (GALICIA)  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)  
Tel: 609 90 88 52

# alvarellos

EDITORA

A presentación formou parte das actividades que o promotor do proxecto Estrugas, Martín Álvarez, desenvolveu no stand propio que promocionou esta herba no Salón. O mestre cociñeiro afirmou que “hoxe é especialmente significativo estar presentes neste lugar, pois a estruga pasou de ser considerada unha ‘mala herba’ a participar nun salón de delicatessen”.

## UNHA EDICIÓN EN FRANCÉS

*45 recetas con ortigas* está a ter unha boa acollida en toda España, pola súa orixinalidade, a sinxeleza na elaboración dos platos, e pola presentación formal do recetario.

Autor e editor anunciaron a próxima edición, en francés, deste libro, que será presentada en París, nun acto gastronómico especial, na primavera de 2007.



Martín Álvarez e Henrique Alvarellos durante a presentación en Vigo



Rúa das Arribadas 7, 1ºC  
15706 SANTIAGO (GALICIA)  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)  
Tel: 609 90 88 52